

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

Por acordo da Xunta de Goberno Local, 4/124, do 28 de febreiro do 2014, polo que se aprobou a forma de adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de REXENERACION DE PAVIMENTO EN ROSENDE.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Descrición do obxecto:** a construción das obras de REXENERACION DE PAVIMENTO EN ROSENDE.

- b) **Prazo de execución:** tres meses

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** urxente
- b) **Procedemento:** aberto

4.- Tipo de licitación

- a) **Orzamento máximo do Contrato:** O presuposto do contrato é de 140.651,51 euros, IVE INCLUÍDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

- b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

- b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) Teléfonos:** (982) 29-72-56, 29-73-01.
- e) Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)
- g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

- a) Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Obrigas contractuais esenciais. Condicións esenciais e especiais de execución:

Este contrato ten condición esencial de execución prevista na cláusula decimo sexta do prego de cláusulas administrativas (art. 228 bis TRLCSP)

Este contrato prevé obriga contractual esencial prevista na cláusula decimo oitava do prego de cláusulas administrativas.

9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación:** 13 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.
- b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula decima do prego de condicións.
- c) Lugar de presentación:**
 - 1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.
 - 2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
 - 3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 3 meses.

10.- Apertura das ofertas.

- a) Entidade:** Concello de Lugo
- b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

12.- Gastos dos anuncios: 133,38 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 24 de marzo do 2014
O ALCALDE,
P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

Asdo.: Sonia Mendez Garcia